



## Concello de Mugardos

**Unidade xestora:**007.000 Servizos sociais  
**Actividade:**Concesión de Subvencións  
**Procedemento:**Subvencións por Concorrenza Competitiva  
**Código de clasificación:**2.05.00  
**Expediente:**498/2026  
**Trámite:** Decreto

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Concelleira Delegada de Facenda e Promoción Económica**  
**Ana María Varela Bastida**  
**(Delegación da Alcaldía: R.A. 2023-0615 de 26.06.2023).**

**Asunto: Axudas para o ensino e o transporte curso 2026/2027**

Logo de ver a proposta efectuada polo alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, en data 29/05/2026, obrante no expediente 498/2026, relativa ás bases e anexos da convocatoria para a concesión de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Mugardos 2026/2027.

Atendido que a secretaria emite informe xurídico favorable sobre as Bases e a convocatoria con data 18/06/2026, no que nas conclusións indica:

#### **“Consideracións xurídicas**

##### **1. Ámbito do exame**

*Será obxecto do presente expediente sometido á consideración de secretaría as cuestións do mesmo que podan estar vinculadas a súa competencia dos definidos no artigo 9.4º LXS coma podan ser órgano competente, procedemento a seguir ou aplicación dos criterios xerais marcados na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións ( LXS en adiante) xunto coas relativas á tramitación do procedemento electrónico (Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común)*

##### **2. Principios xerais. Plan estratéxico e obxectivos e efectos a acadar**

###### **2.1. Plan estratéxico. Obxectivos**

*O artigo 8.1º LXS cando se pretenda o establecemento de subvencións polas Administracións Públicas, impón a obriga de aprobar un Plan Estratéxico de subvencións nos que se marquen os obxectivos e efectos a acadar.*

*Pese a ausencia de tal documento, ambas bases se marcan como obxectivos (Exposición de motivos):*

*“Programa básico de inserción social no que se aplican proxectos de intervención social personalizados ou de grupo e prestacións económicas específicas. Ademais coas presentes bases preténdese de maneira transversal a estimulación do comercio local e a actividade económica do concello.”*

*Obxectivos que verían asociados ao Obxectivo 10, Meta 10.2 da Axenda 2030 e á participación do concello noutros programas a través do Fondo Galego de Cooperación Internacional como así se indica de forma expresa na propia exposición de motivos.*

###### **2.2. Principios xerais**

*Definidos no artigo 8.3º LXS:*

*“3. A xestión das subvencións a que se refire esta lei realizarase de acordo cos seguintes principios:*

- a) Publicidade, transparencia, concorrenza, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.”*

*Principios vinculados na súa efectiva materialización ás obrigas en materia de publicidade marcadas no art. 18 LXS, aos criterios de adxudicación e procedemento aplicable.*

**DECRETO**  
Número: 2026-0712  
Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PME4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 27





## Concello de Mugardos

Verifícase a existencia de bases vinculadas a dar cumprimento aos obxectivos marcados:

- Bases segunda e terceira respecto dos requisitos a cumprir polas persoas beneficiarias.
- Base sétima valoración das solicitudes.
- Base décima en canto ao procedemento para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico complementario, e undécima respecto da presentación de facturas e tramitación dos vales polos establecementos.

Así mesmo dos principios de publicidade (Base novena e décimo oitava) e igualdade e non discriminación en canto que o requisito fixado de empadramento no concello se considera axustado e proporcionado aos fins perseguidos.

En canto á aplicación do procedemento en réxime de concorrencia non competitiva, en función dos obxectivos asignados pese a non estar motiva considerase de correcta aplicación conforme ao establecido no artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### 3. Contido das Base. Procedemento.

Contido das bases (art. 23.2 LXS):

- a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas inclúanse na propia convocatoria (Exposición de motivos e Base 1)
- b) Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, na súa falta, contía estimada das subvencións (Base oitava)
- c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención (Base primeira e segunda)
- d) Expresión de que a concesión se efectúa mediante un réxime de concorrencia competitiva. Previsión de concorrencia non competitiva no sentido exposto (Base primeira e novena)
- e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos (Base terceira)
- f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento. Non se indica o órgano competente para resolver e existe un erro de numeración a emendar (Base novena).
- g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 3 deste artigo. (Base cuarta).
- h) Prazo de resolución e notificación. (base novena)
- i) Documentos e informacións que deben acompañarse á petición (Base terceira e décimo sexta).
- j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 27 desta lei (non se contempla)
- k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que ha de interpoñerse recurso de alzada (Base adicional terceira).
- l) Criterios de valoración das solicitudes (base sexta).
- m) Medio de notificación ou publicación (Base novena)

DECRETO  
Número: 2026-0712 Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PME4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 27





## Concello de Mugardos

*Contéplase un procedemento de concorrencia non ao abeiro do establecido nos artigos 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de carácter excepcional no sentido exposto.*

*As Bases non fan uso do procedemento abreviado que establece o artigo 22 da mesma norma: “Las subvenciones cuya concesión se realice por el procedimiento previsto en el artículo 19.2 de la presente ley podrán tramitarse por un procedimiento abreviado en el que la propuesta de concesión se formulará al órgano concedente directamente por el órgano instructor, que únicamente deberá comprobar la concurrencia de los requisitos requeridos para conceder la subvención, por lo que no intervendrá en ningún caso el órgano evaluador a que se refiere el artículo anterior”.*

*A fase de emenda de deficiencias está presente coa de alegacións á valoración provisional (Base novena).*

*Non queda garantizado que a fase de instrucción se encomende a órgano diferenciado da fase de resolución. Non obstante, a instrucción debe ter un carácter administrativo e técnico e así se comproba a partir da Base novena.*

*A Resolución de axudas ao igual que a propia convocatoria debe publicarse na Base Nacional de Subvencións e no Portal de Transparencia do Concello.*

#### **4. Competencia.**

*Previstos no artigo 9.4º e 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*En función do seu carácter e contía poderse realizar un pronunciamento sobre o órgano competente para a aprobación do expediente. De xeito que se a súa vocación é perdurar no tempo como bases xerais e con independencia da súa contía, debería ser o pleno polo criterio temporal o competente para a súa aprobación conforme ao réxime xeral de maioría simple (artigo 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.*

*En caso contrario e salvo que se exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (DA 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público), a Resolución de delegacións de competencias de Alcaldía nº 2023-0615, de 26.06.2023 e posterior compementaria, recolle de forma expresa como facultade xeral delegada nas áreas de Benestar Social o exercicio da actividade subvencional en cada unha das áreas obxecto de delegación. Intervindo a área delegada de Facenda e Promoción Económica respecto da obriga económica do gasto (art. 9.3º.e) LXS).*

#### **Conclusións:**

*Verifícase en termos xerais a adecuación das bases ao contido da normativa aplicable e en consecuencia se informan favorablemente.*

*Mugardos, documento asinado dixitalmente.*

*A secretaria,*

*Paula E. Ramos Díaz”*

*Atendido que o día 25/06/2026 a Intervención emitiu informe de fiscalización favorable ao respecto e que consta documento contable de retención de crédito por importe na aplicación orzamentaria 231.48000 (22.500€) e 231.78000 (2.500 €) do orzamento vixente do ano 2022, prorrogado para 2026, no que nas conclusións indica:*

*“En atención ao anterior emítase o seguinte **informe**:*

**Primeiro: Existencia e adecuación de crédito.-** *Examinado o gasto total proposto e a execución orzamentaria, consta no expediente certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento de 2022, prorrogado para 2026, para a aprobación do presente gasto, a imputar nas aplicacións 231.48000 e 231.78000 ( RC 220260002249 e 220260002250).*

*O importe dos recursos ordinarios do orzamento vixente ascende a 6.892.205,92 euros, e o importe máximo das axudas de ensino que é de 25.000 euros, o que representa un 0,3627 % sobre aqueles*

**DECRETO**  
Número: 2026-0712    Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PME4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 27





## Concello de Mugar dos

recursos.

**Segundo: Xestión orzamentaria.-** De acordo co disposto nos artigos 184 do TRLRFL e 52 e ss. do Real Decreto 500/1990, xunto ca BEO nº 23ª, a fase orzamentaria de xestión dos créditos que supón o acordo proxectado se corresponde ca fase de aprobación do gasto (Fase A). Neste sentido o artigo 34.1 da LXS establece o seguinte “con carácter previo á convocatoria da subvención ou a concesión directa da mesma, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos na Lei Xeral Orzamentaria ou nas normas orzamentarias das restantes Administracións Públicas”.

**Terceiro: Órgano competente.-** De acordo co disposto no artigo 21.1 f) e s) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, o órgano competente para aprobar as presentes bases e convocatoria é o órgano competente para a autorización gasto dentro dos créditos orzamentados é o/a Alcalde/sa-Presidente/a. No obstante de conformidade co réxime de delegación vixente e coas BEO , o Alcalde mediante Resolución núm 615/2023 de 26.06.2023 delegou na concelleira de Facenda e Promoción Económica“A autorización, disposición de gastos, recoñecemento de obrigas en gastos e ordenación de pagamentos de toda índole”. Así mesmo e de acordo cos artigos citados da LRBRL e a delegación anteriormente conferida á Concelleira Delegada, é órgano competente para aprobar o gasto que representa a aprobación das bases , a concelleira delegada de Facenda, e Promoción Económica.

**Cuarto: Extremos adicionais a comprobar.-** A maiores no presente expediente compróbanse os seguintes extremos:

- Proposta do servizo correspondente (Concelleira Delegada de Benestar e Igualdade). Consta.
- Que existen bases reguladoras de concesión (Apróbaranse simultaneamente coa convocatoria). Constan.
- Que na convocatoria figuran os créditos aprobados aos que se imputa a subvención e a contía total máxima das axudas a conceder.Constan.
- A tramitación destas axudas non poñerá en risco a sustentabilidade do conxunto da Facenda Municipal, xa que os importes das axudas están incluídos nos créditos iniciais do orzamento vixente.

Examinados os extremos anteriores, considérase que todos eles cumpren as esixencias fixadas na normativa aplicable.

**Resultado da fiscalización e conclusións:**

Devolución do expediente ó departamento de orixe para subsanación de erros e/ou achega de documentos omitidos. - Sen contido

Fiscalizado de conformidade.Procederá a tramitación do expediente.

**Fiscalizado de conformidade con observacións.A intervención formula observacións complementarias que considera convintes, sen que as mesmas teñan, en ningún caso,efectos suspensivos na tramitación do expediente.**

**OBSERVACIÓNS:**

1)Esta intervención lembra aos responsables da xestión das subvencións, a obriga de elaborar un plan estratéxico de subvencións (PES), nos que se deberán concretar os obxectivos e efectos pretendidos ca sua aplicación, o prazo necesario para a sua consecución, os custos previsibles e as suas fontes de financiamento, suxetándose en todo caso aos obxectivos de estabilidade orzamentaria. No ámbito local é recomendable facer coincidir o PES cos catro anos de mandato dunha corporación , e que así sirva como instrumento de xestión da política de fomento de esta corporación.

2) Se a vocación é perdurar no tempo como bases xerais e con independencia da súa contía, debería ser o pleno polo criterio temporal o competente para a súa aprobación conforme ao réxime xeral de maioría simple (artigo 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.

Fiscalizado de desconformidade (nota de reparo), por observar defectos de forma ou fondo na tramitación. Se o órgano xestor acepta os reparos formulados deberá subsanalos e remitir novamente a esta intervención o expediente para a súa comprobación; se o órgano xestor non acepta os reparos formulados deberá formular discrepancia cuxa resolución correspondera ao Alcalde-Presidente da Corporación ou ao Pleno se o reparo fora por insuficiencia ou inadecuación de crédito ou se refira a obrigas ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

**DECRETO**  
Número: 2026-0712    Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PME4CY9XOHXMMK73X3OE  
Corrección: https://mugar dos.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 27





## Concello de Mugardos

*Este é o informe que emito, salvo erro ou omisión involuntarios na aplicación e/ou interpretación da normativa aplicable, sen prexuízo de calquera outro informe mellor fundado en Dereito. Non obstante, o órgano competente co seu superior criterio, adoptará o acordo que estime máis oportuno para os intereses municipais.*

*Mugardos asinado dixitalmente pola interventora municipal Ana María Gómez Peña, na data que figura no panel de sinaturas.”*

Por todo o exposto, e de acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Mugardos (BOP núm. 183/25.09.2013), e en uso das facultades conferidas pola normativa legal vixente, RESOLVO:

**Primeiro.** Establecer o período de solicitude dende o día seguinte ao da publicación no Boletín oficial da Provincia ata o 10 de xullo de 2026, tal e como consta nas bases anexas á presente resolución como parte integrante da mesma, e existentes no expediente Gestiona 498/2026.

**Segundo.** Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Mugardos 2026/2027 e os seus Anexos, tal e como consta no expediente 498/2026, e anexas á presente resolución como parte integrante da mesma.

**Terceiro.** Aprobar o gasto derivado desta convocatoria, que ascende a 25.000 euros, con cargo as aplicacións orzamentarias 231.48000 (22.500 €) e 231/78000 (2.500 €), do orzamento vixente do ano 2022, prorrogado para 2026.

**Cuarto.** Que a Intervención subministre á BDNS a documentación necesaria para que se proceda á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, cuxo texto figura como Anexo desta resolución.

**Quinto.** Que se publique o texto da convocatoria no Taboleiro de Edictos do Concello, na web municipal web <http://www.concellodemugardos.gal> e na Sede electrónica municipal <https://mugardos.sedelectronica.gal/>

Mugardos, asinado dixitalmente pola Concelleira Delegada de Facenda e Promoción Económica.

A Concelleira Delegada de Facenda e Promoción Económica  
Ana María Varela Bastida

Para os efectos de fe pública  
A secretaria  
Paula E. Ramos Díaz

**DECRETO**  
Número: 2026-0712 Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PMEX4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 27





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

1

## **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE MUGARDOS 2026-2027**

A Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible impulsa no seu obxectivo 10 o compromiso da comunidade internacional para reducir a desigualdade entre os países, e concretamente na meta 10.2 potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa idade... O concello de Mugardos colabora neste sentido de maneira internacional a través do Fondo Galego de Cooperación.

O artigo 9.2 da Constitución española senta as bases dun novo modelo de estado social, no que os poderes públicos quedan compelidos a desenvolver accións positivas que creen as condicións necesarias para a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica cultural e social.

A Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Rexime local, recolle no seu artigo 25.2 como competencia municipal a atención a persoas en risco de exclusión social.

O decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento recolle no seu artigo 9 os programas dos Servizos Sociais comunitarios básicos entre os que se atopa o Programa básico de inserción social no que se aplican proxectos de intervención social personalizados ou de grupo e prestacións económicas específicas.

Ademáis coas presentes bases preténdese de maneira transversal a estimulación do comercio local e a actividade económica do concello.

### **Primeira. Obxecto das axudas.**

O obxecto da presente convocatoria de axudas, en concorrencia non competitiva, é favorecer a escolarización pública e formación universitaria nas familias con menos recursos económicos do Concello de Mugardos.

### **Segunda. Beneficiarios/as e requisitos.**

Para ser beneficiario/a destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- a) Cursar:
  - a. Estudos nalgún dos centros públicos ou sostidos con fondos públicos do concello de Mugardos.
  - b. Estudos de formación regrada impartida por centros públicos ou en centros de Educación Especial, de fóra do concello de Mugardos.
  - c. Estudos en centros públicos ou sostidos con fondos públicos, de fóra do concello de Mugardos, por estar desenvolvendo unha modalidade deportiva nun centro de alto rendimento (CAR), nun centro de tecnificación deportiva (CTD) ou nun centro especializado deportivo.
- b) Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base quinta da presente convocatoria.
- c) Estar empadroada/o no Concello de Mugardos a persoa solicitante e toda a unidade familiar.
- d) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a, recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- e) Poderán ser beneficiarios da **axuda de transporte** o alumnado que curse estudos de formación regrada impartida por centros públicos de fora do Concello de Mugardos e que non estean ubicados nos Concellos integrantes da Área de Transporte Metropolitano de Ferrol.

### **Terceira. Solicitudes e documentación necesaria.**

- a) As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se

**DECRETO**  
Número: 2026-0712    Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PMEX4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 27





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

2

inclúe como Anexo I-A (Cando o/a alumno/a sexa menor de idade) ou Anexo I-B (Cando o/a alumno/a sexa maior de idade). Poderán obterse na oficina de información e presentaranse no Rexistro Municipal do Concello de Mugardos.

b) Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte documentación:

1. No caso de ser o alumno/a menor de idade no momento de presentar a solicitude, fotocopia do DNI do solicitante (pai, nai ou titor/a).
2. No caso de ser o alumno/a maior de idade ou emancipado/a no momento de presentar a solicitude, fotocopia do DNI do solicitante/alumno/a.
3. Fotocopia do libro de familia ou certificado do rexistro civil.
4. Informe de empadramento colectivo.
5. Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2025, dos proxenitores ou titores/as legais. No caso de non estar obrigado/a a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda. Só en casos excepcionais e xustificados poderán autorizar a o Concello de Mugardos á consulta deses datos segundo modelo autorizado asinado por tódolos integrantes da unidade familiar maiores de 18 anos ou menores emancipados. Nos casos de separación ou divorcio estarase ao previsto na base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar.
6. Certificado da matrícula ou informe expedido polo centro educativo que acredite a condición de alumno/a para o curso 2026/2027. (No caso de imposibilidade de achegalo no prazo de solicitude, éste deberá ser presentado á maior brevidade posible e en todo caso no prazo máximo que se estableza na lista provisional).
7. Certificado ou informe expedido polo CAR, CTD ou centro especializado deportivo ou federación deportiva, ou organismo deportivo competente no que se acredite que o/a citado/a alumno/a-deportista está adestrándose ou desenvolvéndose deportivamente nalgún dos citados centros. (No caso de imposibilidade de achegalo no prazo de solicitude, éste deberá ser presentado á maior brevidade posible e en todo caso no prazo máximo que se estableza na lista provisional).
8. Declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e autorización ao concello de Mugardos para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo Anexo II-A (cando o/a alumno/a é menor de idade) ou Anexo II-B (cando o/a alumno/a é maior de idade).
9. Declaración responsable sobre precepción de axudas, segundo Anexo III-A (cando o/a alumno/a é menor de idade) ou Anexo III-B (cando o/a alumno/a é maior de idade).
10. O concello poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada, e calquera outra necesaria para a valoración da solicitude. As unidades familiares que teñan entregado documentación no departamento de servizos sociais para calquera xestión, que conste no seu expediente e que sexa válida, poderán quedar eximidas da presentación desta documentación, sempre que indiquen o procedemento para o que foi presentada e unha vez sexa revisada polo persoal do departamento.
11. Para as axudas cuxo aboamento sexa a través de transferencia bancaria, será preciso ter presentado o certificado de conta bancaria (co código IBAN) segundo o seguinte:
  - a) No caso de ser o alumno/a menor de idade no momento de presentar a solicitude: no certificado o/a titular da conta ten que ser o pai/nai ou titor/a legal do alumno/a solicitante da axuda.
  - b) No caso de ser o alumno/a maior de idade ou emancipado no momento de presentar a solicitude: No certificado o/a titular ten que ser o/a mesmo/a alumno/a.As solicitudes non poderán ser reformuladas.

**DECRETO**  
Número: 2026-0712    Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PME4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 27





**Cuarta. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.**

- a) A solicitude presentárase no rexistro xeral do Concello de Mugardos, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- b) Abriranse unha **CONVOCATORIA ÚNICA** de solicitude: do día seguinte ao da publicación do extracto do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Coruña ao 10 de xullo de 2026.

**Quinta. Tipoloxía das axudas:**

**1. Material escolar:**

No caso de cursar estudos nalgún dos centros públicos ou sostidos con fondos públicos do Concello de Mugardos, as persoas solicitantes poderán optar por:

- a) **Gasto corrente:** Material escolar e demais materiais curriculares, didáctico e complementario, libros de texto en formato papel ou dixital, propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo as recomendación do centro educativo onde estea matriculado/a o/a alumno/a.

No caso de cursar estudos de formación regrada impartida por centros públicos ou en centros de educación especial de fóra do concello de Mugardos, ou cursar estudos en centros públicos ou sostidos con fondos públicos, de fóra do Concello de Mugardos, por estar desenvolvendo unha modalidade deportiva nun Centro de Alto Rendemento (CAR), nun Centro de Tecnificación Deportiva (CTD) ou nun centro Especializado Deportivo, as persoas solicitantes poderán optar por:

- a) **Gasto corrente:** Material escolar e demais materiais curriculares, didáctico e complementario, libros de texto en formato papel ou dixital, propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo as recomendacións do centro educativo onde estea matriculado/a o/a alumno/a.
- b) **Gasto de investimento (bens de equipo):** Tablets, pen drives, ordeadores, pincho conexión Internet, uniformes, roupa de traballo ou similares ou ferramentas necesarias para o desenvolvemento curricular da especialidade que se está a cursar, propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo as recomendacións do centro educativo onde estea matriculado/a o/a alumno/a. Si se opta por este tipo de gasto inventariable, non se poderá mercar o mesmo ben durante dous cursos escolares inmediatamente seguintes.

O Concello poderá solicitar informe ao centro educativo para comprobar que o dito material é requirido ou necesario para a escolarización.

**So se poderá optar por unha das modalidades, ou se solicita gasto corrente ou gasto de investimento.**

**2. Transporte**

Alumnado que cumpra os requisitos da Base 2ª e que o centro educativo no que curse estudos estea fóra do Concello de Mugardos e non esté ubicado nos concellos integrantes da área de transporte metropolitano de Ferrol.

**Sexta. Contía das bolsas.**

**a) Axudas para o ensino.**

O Concello de Mugardos concederá ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos na Base 2ª e 6ª das presentes bases, nos seguintes importes por alumno ou alumna e curso:

% IPREM RPC Mensual	2º Ciclo E. Infantil	E. Primaria	ESO e PCPI	Bacharelato, Formación Profesional, Educación de adultos/as	Universidade e Ensinanzas superiores	Educación Especial
------------------------	-------------------------	-------------	---------------	---	--	-----------------------

**DECRETO**  
Número: 2026-0712    Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PMEX4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 27





Ata o 80% (480€)	40 €	120 €	150 €	150 €	250 €	80 €
>80% ata 100% IPREM 480,01€ -600€	30 €	90 €	112€	112 €	187 €	60 €
>100% ata 125% IPREM 600,01€ - 750€	20 €	60 €	75 €	75 €	125 €	40 €

#### b) Axudas para o transporte.

A axuda para o transporte escolar para o curso 2026/2027 é de 200 euros por alumno/a.

No caso de que nunha mesma unidade familiar existan varios alumnos ou alumnas que reúnan os requisitos para ser causantes destas axudas, percibirase a contía que corresponda por cada un deles, segundo o establecido nesta convocatoria.

#### Sétima. Valoración das solicitudes

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar da declaración do IRPF de 2025.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a **unidade familiar**:

1. Os proxenitores non separados legalmente e, no seu caso, o titor/a ou persoa encargada da garda e protección do/a menor.
2. Os/as fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
3. Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
4. Os/as fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2025.
5. Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os/s fillos/as dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
6. No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o/a novo/a cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co/a solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor. En casos excepcionais, e sempre que exista información ao respecto nos servizos sociais comunitarios, esta situación poderase acreditar mediante informe técnico.
7. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Este situación acreditarase co certificado de recoñecemento de familia monoparental expedido pola Xunta de Galicia.

A renda per cápita mensual enténdese como o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar. Para os efectos, teñen a consideración de ingresos a suma da base impositiva xeral coa base impositiva do aforro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Excepcionalmente, se a unidade familiar alega unha diminución dun 20% ou máis dos seus ingresos durante máis de catro meses consecutivos e se mantivesen na data de inicio do prazo de solicitudes fronte aos ingresos declarados na declaración da renda presentada, poderán achegar esta documentación xustificativa da dita circunstancia para que se teña en conta na valoración.





Nos casos de separación ou divorcio estarase ao previsto nestas bases para a determinación dos membros da unidade familiar.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impoñibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarllles ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

#### **Oitava. Importe máximo e crédito orzamentario**

O importe total para axudas de ensino e transporte do curso 2026/2027 prevese en 22.500 €, que se imputará nas aplicacións orzamentarias 231.48000 (22.500 €) e 231.78000 (2.500 €) do orzamento vixente do ano 2026, prorrogado de 2025.

Poderáanse otorgar subvencións por contía superior á recollida no parágrafo anterior sempre que se produza un incremento dos créditos conforme o previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Novena. Órganos competentes.**

##### **9.1. Órganos de instrución e resolución.**

A instrución do procedemento corresponde ó Alcalde. A resolución do procedemento corresponde á Concellería de Facenda e Promoción Económica.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas polo persoal técnico dos servizos sociais comunitarios conforme aos criterios establecidos na base 6ª, e aprobadas polo órgano competente.

Posteriormente publicarase no taboleiro de edictos do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións e subsanación da documentación requirida de ser o caso. Transcorrido este prazo, o persoal dos servizos sociais, emitirá unha proposta definitiva e de seguido será aprobada polo órgano competente. De non existir reclamacións no prazo estipulado, a lista provisional elevarase a definitiva.

Notificaráselle a cada solicitante a concesión ou, se fora o caso, a denegación da súa solicitude e a causa desta. Ademais informaráselle do procedemento a seguir para obter a axuda (vale, listado de establecementos conveniados, etc.)

A obtención da axuda estará condicionada á presentación do correspondente informe e/ou certificado do centro de ensino onde conste que o/a alumno/a está matriculado para o curso 2026/2027.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución sobre a concesión da subvención non poderá exceder de tres meses.

#### **Décima. Procedemento para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico complementario.**

1.No caso de cursar segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, concederase un vale para canxear no establecemento correspondente, tal e como se indica nos parágrafos seguintes.

Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión do vale, poderá adquirir os libros e material escolar no correspondente establecemento dentro dos indicados no vale, á súa libre escolla e polo importe máximo que figura no documento. Se o importe dos libros e material escolar adquirido é inferior ao valor do vale, o persoal do establecemento deberá introducir no recadro establecido para o efecto a contía exacta da venda; se o importe fora superior ao valor do vale, a diferenza será





**Concello de Mugar dos**  
(A Coruña)

6

aboada polo/a solicitante. O Concello non asume máis que o importe consignado no vale.

O establecemento receptor dos vales non poderá, en ningún caso, requirir á persoa que lle anticipe o importe do vale, nin que lle entregue o vale antes da recepción dos libros e/ou material escolar.

A persoa solicitante nunca deberá asinar e entregar o vale antes da recepción do material.

A sinatura do vale e a súa entrega implica a súa conformidade cos libros e material escolar entregados, así como, se fora o caso, co importe indicado polo establecemento no recadro establecido para tal efecto. Unha vez entregados os libros e material escolar, o establecemento quedará en posesión do correspondente vale.

Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.

A persoa beneficiaria do vale poderá canxear os vales no establecemento elixido (dentros dos indicados no vale) ate o 6 de novembro de 2026.

A admisión por parte dos establecementos dos vales presentados implica a aceptación das condicións das presentes bases.

2. No caso de cursar estudos de calquera grao de formación profesional (básica, media ou superior), educación de adultos/as, universidade ou ensinanzas superiores de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño, educación especial ou estar desenvolvendo unha modalidade deportiva nun Centro de Alto Rendemento (CAR), nun Centro de Tecnificación Deportiva (CTD) ou nun centro Especializado Deportivo, terán a obriga de xustificar previamente a axuda e que ésta foi invertida no fin para o que foi concedido.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o/a beneficiario/a non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

#### **Undécima. Presentación das facturas e tramitación dos vales por parte dos establecementos.**

1. Co obxecto de axilizar a tramitación, antes da presentación das facturas, os establecementos en que se vendan os libros de texto e o material escolar que non o fixesen con anterioridade deberán rexistrar os seus datos, enviando o anexo IV debidamente cuberto en todas as súas epígrafes, ao enderezo que figura no seu pé.

Para a acreditación dos datos de identidade os titulares dos establecementos poderán prestar o seu consentimento para a comprobación por medio de acceso telemático ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e para tal fin marcar o recadro correspondente do anexo IV ou, en caso contrario, terán que presentar copia do correspondente documento.

2. Os establecementos dirixirán as facturas ao Concello de Mugar dos. Estas deberán estar emitidas ao CIF do Concello: P1505200D, Avda.de Galicia 45, CP.15620. Mugar dos. **As facturas deben presentarse de xeito electrónico a través do FACE.- Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas. Os códigos FACE do Concello de Mugar dos son os seguintes:**

Oficina Contable: LA0001929

Órgano Gestor: LA0001926

**DECRETO**  
Número: 2026-0712    Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PME4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: <https://mugar.dos.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 27





**Concello de Mugaros**  
(A Coruña)

7

Unidade Tramitadora: LA0001927

3. En cada factura deberán figurar, polo menos, os seguintes datos:

- O CIF, NIF ou NIE do establecemento.
- Nome do/a titular do establecemento (empresa / apelidos e nome).
- Os datos do establecemento (denominación comercial, enderezo completo, concello e provincia).
- A data da factura.
- O número de factura.
- O importe total do vale facturado.
- O tipo ou tipos impositivos aplicables ás operacións (base impositiva e IVE do total da factura desagregado).

4. O vale debe xuntarse coa factura. No vale deberán constar os seguintes datos:

A convocatoria a que pertence: Axudas para o ensino e transporte 2026-2027 (Convocatoria única).

Os datos do/a beneficiario/a da axuda.

Os datos do/a seu/súa representante ou titor/a legal no caso de ser menor de idade.

O importe do vale.

Os vales deben ser orixinais e ter a sinatura da Alcaldía. Non se aceptan vales fotocopiados nin os que carezan da sinatura indicada.

O importe da factura debe coincidir co importe do vale (debe terse en conta que nalgún caso o importe gastado pode ser inferior ao total do vale).

A factura deberá ir desglosada e os produtos mercados ben especificados en canto ao concepto, de forma que se poida comprobar inequivocamente que a axuda foi destinada ao concepto polo que foi concedida.

Para os efectos da tramitación, cada factura co seu correspondente vale configura unha unidade, de tal xeito que esta non se tramitará cando exista algún problema co vale que se xunta ata que se proceda á súa emenda.

5. O persoal do concello revisará as facturas. Se na factura se observa algún defecto de forma ou se o importe desta non coincide co do vale que a acompaña non se poderá proceder a tramitación do pagamento, e o concello requirirá o establecemento para que o emende.

6. O prazo máximo para a presentación das facturas no Concello de Mugaros, por parte dos establecementos, será ata o 20 de novembro de 2026 (inclusive).

#### **Duocécima. Obrigas das persoas beneficiarias**

A concesión da axuda comporta as seguintes obrigas:

a) Seguir as directrices que se marcan nas presentes bases e destinar o importe da axuda na súa integridade á adquisición dos libros e demais materiais curriculares, didáctico e complementario, propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo as recomendacións do centro educativo onde estea matriculado o alumnado.

b) Cooperar co Concello de Mugaros en cantas actividades de inspección e verificación leven a cabo,

**DECRETO**  
Número: 2026-0712    Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PMEX4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: <https://mugaros.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 27





para asegurar o correcto destino da axuda.

c) As establecidas para os beneficiarios no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Comunicar inmediatamente as modificacións que se produzan nas circunstancias obxectivas e subxectivas tidas en conta para a concesión da axuda, especialmente a suspensión ou modificación do curso ou programa de estudos para o que se concedeu a axuda, a obtención de ingresos ou axudas para a mesma finalidade e polos mesmos conceptos.

#### **Décimo terceira. Compatibilidade das axudas**

As axudas concedidas en virtude das presentes bases serán compatibles con calquera outra axuda que poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo dos libros e materiais subvencionados. Para estes efectos considérase como materiais curriculares, didáctico e complementario todo o necesario para realizar as actividades que se desenvolven ou promoven no centro docente.

#### **Décimo carta. Reintegro da axuda.**

Procederá o reintegro da axuda, total ou parcialmente, polo incumprimento de calquera das obrigas que incumben á persoa beneficiaria, segundo os artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

#### **Décimo quinta. Documentación para a xustificación.**

A xustificación da subvención farase coa presentación no Concello de Mugardos dos seguintes documentos:

##### **a) Axudas para o ensino.**

1. No caso de cursar estudos de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, **a xustificación realizarase mediante a presentación de xeito electrónico a través do FACE.- Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas, da factura emitida polo establecemento colaborador xunto co vale para canxear, axústandose ao disposto na Base 11ª.**

##### Gastos subvencionables:

a) Gasto corrente: Material escolar e demais materiais curriculares, didáctico e complementario, libros de texto en formato papel ou dixital, propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo as recomendación do centro educativo onde estea matriculado/a o/a alumno/a.

O Concello poderá solicitar informe ao centro educativo para comprobar que o dito material é requirido ou necesario para a escolarización.

2. No caso de cursar estudos de calquera grao de formación profesional (básica, media ou superior), educación de adultos/as, universidade ou ensinanzas superiores de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño, educación especial ou estar desenvolvendo unha modalidade deportiva nun Centro de Alto Rendemento (CAR), nun Centro de Tecnificación Deportiva (CTD) ou nun centro Especializado Deportivo, **a documentación xustificativa serán as facturas orixinais ou debidamente compulsadas que acrediten o gasto realizado.**

##### Gastos subvencionables:

a) Gasto corrente: Material escolar e demais materiais curriculares, didáctico e complementario, libros de texto en formato papel ou dixital, propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo as recomendacións do centro educativo onde estea





matriculado/a o/a alumno/a.

b) Gasto de investimento (bens de equipo): Tablets, pen drives, ordeadores, pincho conexión Internet, uniformes, roupa de traballo ou similares ou ferramentas necesarias para o desenvolvemento curricular da especialidade que se está a cursar, propios do curso académico para o que se solicitou a axuda, segundo as recomendacións do centro educativo onde estea matriculado/a o/a alumno/a. Si se opta por xustificar o gasto mediante este tipo de gasto inventariable, non se poderá xustificar co mesmo ben durante dous cursos escolares inmediatamente seguintes.

**So se poderá optar por xustificar os gastos por unha das modalidades, ou se xustifica con gasto corrente ou con gasto de investimento.**

O concello poderá solicitar informe ao centro educativo para comprobar que o dito material é requirido ou necesario para a escolarización.

**b) Axudas para o transporte.**

**No caso das axudas para o transporte os xustificantes esixidos presentaránse no momento da solicitude e serán os seguintes:**

a) O certificado da matrícula expedido polo centro educativo.

En ambos os dous tipos de axuda, o/a beneficiario/a da subvención acompañará aos xustificantes declaración de ter cumprido o obxecto da subvención e relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas para a mesma finalidade.

A documentación relativa á xustificación da subvención remitirase á intervención municipal para a súa fiscalización, previo informe do/a técnico/a de servizos sociais comunitarios.

**Décimo sexta. Requisitos da documentación xustificativa.**

No caso de cursar estudos de calquera grao de formación profesional (básica, media ou superior), educación de adultos/as, universidade ou ensinanzas superiores de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño, educación especial ou estar desenvolvendo unha modalidade deportiva nun Centro de Alto Rendemento (CAR), nun Centro de Tecnificación Deportiva (CTD) ou nun centro Especializado Deportivo, a documentación xustificativa serán as facturas orixinais ou debidamente compulsadas que acrediten o gasto realizado.

**As facturas deberán cumprir os seguintes requisitos, segundo o caso:**

**a) Si o/a alumno/a beneficiario/a da axuda é menor de idade no momento de presentar a solicitude de axuda. A factura conterá os seguintes datos ou requisitos que se citan a continuación:**

1. Número, e no seu caso serie.
2. Data da súa expedición.
3. Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do/a obrigado/a a expedir factura como do/a destinatario/a (neste caso o/a pai/nai/titor/a)
4. Número de identificación fiscal atribuído pola Administración Tributaria Española.
5. Domicilio, tanto do/a obrigado/a a expedir factura como do/a destinatario/a da operación.
6. Descrición das operacións, consignándose tódolos datos necesarios para determinar a base impositiva e o seu importe.
7. Tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados.





8. A cota tributaria repercutida.

**b) Si o/a alumno/a beneficiario/a da axuda é maior de idade no momento de presentar a solicitude de axuda. A factura conterá os seguintes datos ou requisitos que se citan a continuación:**

1. Número, e no seu caso serie.
2. Data da súa expedición.
3. Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do/a obrigado/a a expedir factura como do/a destinatario/a (neste caso o/a alumno/a)
4. Número de identificación fiscal atribuído pola Administración Tributaria Española.
5. Domicilio, tanto do/a obrigado/a a expedir factura como do/a destinatario/a da operación.
6. Descrición das operacións, consignándose tódolos datos necesarios para determinar a base impositiva e o seu importe.
7. Tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados.
8. A cota tributaria repercutida.

**Nas facturas que se presenten para a xustificación, a data de expedición que conste nas mesmas poderá abarcar aquelas adquisicións ou gastos obxecto destas axudas que se realicen polo/a solicitante ou alumno/a, segundo o caso, dende o 01 de xullo de 2026 ata o 11 de decembro de 2026 (inclusive).**

**Décimo sétima. Prazo para a xustificación.**

1. Os prazos para presentar a documentación xustificativa serán os seguintes:

a) Axudas para o ensino (mediante vale). O prazo para a presentación das facturas de xeito electrónico a través do FACE.- Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas, no Concello de Mugardos, por parte dos establecementos, comenará o 9 de novembro e rematará o 20 de novembro de 2026 (inclusive).

b) Axudas para o ensino (ingreso bancario ás persoas solicitantes). O prazo para a presentación das facturas no Rexistro do Concello de Mugardos, por parte dos/as solicitantes, comenará o 9 de novembro de 2026 e rematará o 11 de decembro de 2026.

2. De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que o/a interesado/a desiste da súa petición, o que será aceptado polo órgano competente que declarará concluso o procedemento.

**Décimo oitava.-Publicación da convocatoria e da concesión das subvencións.**

A presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia, por conducto da BDNS, con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiarios/as, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Será tamén obxecto de publicidade no Taboleiro de Edictos do Concello, na web municipal <http://www.concellodemugardos.gal> e na Sede electrónica municipal <https://mugardos.sedelectronica.gal/>

**Disposición adicional primeira.**

As persoas beneficiarias encóntranse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





### Disposición adicional Segunda.

Esta convocatoria ríxese pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Mugardos BOP nº de 183 de 25.09.2013.

### Disposición adicional Terceira.

Contra a resolución de outorgamento das subvencións, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

### Disposición derradeira.

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto nas aplicacións orzamentarias destinadas para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Mugardos para o ano 2026. De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan rendas per cápitas máis baixas, e de persistir o empate o maior número de membros na unidade familiar.

Anexo I-A: Modelo de solicitude de de axudas para o ensino e o transporte para o curso 2026/2027 do Concello de Mugardos cando o/a alumno/a e menor de idade.

Anexo I-B: Modelo de solicitude de de axudas para o ensino e o transporte para o curso 2026/2027 do Concello de Mugardos cando o/a alumno/a e maior de idade.

Anexo II-A: Declaracións responsables cando o/a alumno/a é menor de idade.

Anexo II-B: Declaracións responsables cando o/a alumno/a é maior de idade.

Anexo III-A: Declaración responsable sobre percepción de axudas cando o/a alumno/a é menor de idade.

Anexo III-B: Declaración responsable sobre percepción de axudas cando o/a alumno/a é maior de idade

Anexo IV: Aceptación da participación como entidade colaboradora na xestión das axudas

Anexo V: Autorización para consulta de datos padronais.

Anexo V-A: Autorización para consulta de datos padronais.

Anexo V-B: Autorización para consulta de datos padronais.

Asinado polo alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, o día indicado no panel de sinatura.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**DECRETO**  
Número: 2026-0712 Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PMEX4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 27





## Anexo I- A (alumno/a menor de idade): Modelo de solicitude de axudas para o ensino e o transporte para o curso 2026/2027 do Concello de Mugardos CONVOCATORIA ÚNICA

### A) DATOS DO/ASOLICITANTE

Apelidos e nome do alumno/a: _____	
DNI _____	TELF. CONTACTO _____
Enderezo completo: _____	
Correo electrónico: _____	
Apelidos e nome do pai, nai e/ou titores/as legais (cando o alumno é menor de idade) _____	DNI do pai, nai e/ou titores/as legais _____

### B) TIPO DE AXUDA:

- No caso de cursar estudos nalgún dos centros públicos ou sostidos con fondos públicos do Concello de Mugardos, (Base quinta 1):
  - Material escolar para gasto corrente
- No caso de cursar estudos de formación regrada impartida por centros públicos ou en centros de educación especial de fóra do concello de Mugardos, ou cursar estudos en centros públicos ou sostidos con fondos públicos, de fóra do Concello de Mugardos, por estar desenvolvendo unha modalidade deportiva nun Centro de Alto Rendemento (CAR), nun Centro de Tecnificación Deportiva (CTD) ou nun centro Especializado Deportivo (base quinta 1)
  - Material escolar (elixir entre gasto corrente ou investimento, marcar só unha opción):
    - Gasto corrente
    - Investimento
  - Transporte (só se se atopa nalgún dos casos recollidos na base 2.f do regulamento)

### C) DOCUMENTACIÓN ACHEGADA COA SOLICITUDE

<ol style="list-style-type: none"><li>1. Fotocopia do DNI do solicitante (pai, nai ou titor/a)</li><li>2. Fotocopia do DNI do alumno/a.</li><li>3. Fotocopia do libro de familia no que figuren tódolos membros da unidade familiar.</li><li>4. Declaración responsable segundo o anexo II e III.</li><li>5. Informe de convivencia (cubrir <b>ANEXO V para autorizar a consulta</b>)</li><li>6. Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2025 dos proxenitores ou titores/as legais; ou copia da notificación-liquidación ou certificado acereditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributario; ou autorización ao Concello de Mugardos á consulta dese datos (solicitar impreso nos Servizos sociais comunitarios), asinado por tódolos integrantes da unidade familiar maiores de 18 anos.</li><li>7. Certificado da matrícula ou informe expedido polo centro educativo</li><li>8. Informe ou certificado expedido polo CAR, CTD ou Centro Especializado Deportivo, federación ou outro org. deportivo</li><li>9. Certificado do número de conta bancaria (só no caso de ensinanza non obrigatoria ou axudas transporte)</li><li>10. Outra documentación:</li></ol>
---

**NOTA:** No caso de ter feito calquera outra xestión nos Servizos Sociais municipais no presente ano, consulte co persoal do departamento, para evitar ducplidades na documentación.

Dou o meu consentemento expreso para que os datos persoais que aparecen no presente anexo e seguintes, sexan empregados para poder prestar o servizo solicitado na presente instancia.

Mugardos, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_  
Sinatura do/a pai, nai titor/a

DECRETO  
Número: 2026-0712 Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PME4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 27





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

14

## Anexo I- B (alumno/a maior de idade): Modelo de solicitude de axudas para o ensino e o transporte para o curso 2026/2027 do Concello de Mugardos CONVOCATORIA ÚNICA

### A) DATOS DO/ASOLICITANTE

Apelidos e nome do alumno/a: _____
DNI _____ TELF. CONTACTO _____
Enderezo completo: _____
Correo electrónico: _____

### B) TIPO DE AXUDA: (marcar a opción de “material escolar”, ou “transporte”, ou as dúas

- No caso de cursar estudos nalgún dos centros públicos ou sostidos con fondos públicos do Concello de Mugardos, (Base quinta 1):
  - Material escolar para gasto corrente
  
- No caso de cursar estudos de formación regrada impartida por centros públicos ou en centros de educación especial de fóra do concello de Mugardos, ou cursar estudos en centros públicos ou sostidos con fondos públicos, de fóra do Concello de Mugardos, por estar desenvolvendo unha modalidade deportiva nun Centro de Alto Rendemento (CAR), nun Centro de Tecnificación Deportiva (CTD) ou nun centro Especializado Deportivo (base quinta 1)
  - Material escolar (elixir entre gasto corrente ou investimento, marcar só unha opción):
    - Gasto corrente
    - Investimento
  - Transporte (só se se atopa nalgún dos casos recollidos na base 2.f do regulamento)

### C) DOCUMENTACIÓN ACHEGADA COA SOLICITUDE

<ol style="list-style-type: none"><li>1. Fotocopia do DNI do/a alumno/a</li><li>2. Fotocopia do libro de familia no que figuren tódolos membros da unidade familiar.</li><li>3. Declaración responsable segundo o anexo II e III.</li><li>4. Informe de convivencia (<b> cubrir ANEXO V para autorizar a consulta</b>)</li><li>5. Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2025 dos proxenitores ou titores/as legais; ou copia da notificación-liquidación ou certificado acereditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributario; ou autorización ao Concello de Mugardos á consulta dese datos (solicitar impreso nos Servizos sociais comunitarios), asinado por tódolos integrantes da unidade familiar maiores de 18 anos.</li><li>6. Certificado da matrícula ou informe expedido polo centro educativo</li><li>7. Informe ou certificado expedido polo CAR, CTD ou Centro Especializado Deportivo, federación ou outro org. deportivo</li><li>8. Certificado do número de conta bancaria (só no caso de ensinanza non obrigatoria ou axudas transporte)</li><li>9. Outradocumentación: _____</li></ol>
--

**NOTA:** No caso de ter feito calquera outra xestión nos Servizos Sociais municipais no presente ano, consulte co persoal do departamento, para evitar duplicidades na documentación.

Dou o meu consentemento expreso para que os datos persoais que aparecen no presente anexo e seguintes, sexan empregados para poder prestar o servizo solicitado na presente instancia.

Mugardos, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

Sinatura do/a alumno/a

DECRETO  
Número: 2026-0712 Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PME4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 27





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

15

### Anexo II-A (Cando o/a alumno/a é menor de idade): Declaración responsable

Nome e apelidos \_\_\_\_\_,

con NIF/pasaporte \_\_\_\_\_, pai, nai, titor/a do/a alumno/a \_\_\_\_\_

#### DECLARO:

- 1.- Ter cumprido o obxecto da subvención e destinala á finalidade para a que se concedeu.
- 2.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 3.- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 4.- Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

AUTORIZO ao Concello de Mugardos para que realice as comprobacións oportunas en relación cos apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2026/2027

Mugardos, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

Sinatura do/a solicitante, pai, nai titor/a

**DECRETO**  
Número: 2026-0712 Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PMEX4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 27





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

16

### Anexo II-B (Cando o/a alumno/a é maior de idade): Declaración responsable

Nome e apelidos \_\_\_\_\_,

con NIF/pasaporte \_\_\_\_\_

#### DECLARO:

- 1.- Ter cumprido o obxecto da subvención e destinala á finalidade para a que se concedeu.
- 2.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 3.- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 4.- Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

AUTORIZO ao Concello de Mugardos para que realice as comprobacións oportunas en relación cos apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2026/2027

Mugardos, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

Sinatura do/a alumno/a

**DECRETO**  
Número: 2026-0712 Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PMEX4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 27





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

17

**Anexo III-A (Cando o/a alumno/a é menor de idade): Declaración responsable sobre percepción de axudas**

Nome e apelidos \_\_\_\_\_,

con DNI \_\_\_\_\_ pai, nai, titor/a do/a alumno/a \_\_\_\_\_

declaro de forma responsable os seguintes extremos:

- NON ter solicitadas e/ou concedidas outras axudas para o mesmo obxeto.
- Ter solicitadas e/ou concedidas outras axudas para o mesmo obxeto.

Tipo de axuda	Organismo que a concede	Contía concedida en euros

Mugardos, o \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

Sinatura do/a solicitante, pai, nai, titor/a

**DECRETO**  
Número: 2026-0712 Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PME4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 27





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

18

### Anexo III-B (Cando o/a alumno/a é maior de idade): Declaración responsable sobre percepción de axudas

Nome e apelidos \_\_\_\_\_,

con DNI \_\_\_\_\_ declaro de forma responsable os seguintes extremos:

NON ter solicitadas e/ou concedidas outras axudas para o mesmo obxeto.

Ter solicitadas e/ou concedidas outras axudas para o mesmo obxeto.

Tipo de axuda	Organismo que a concede	Contía concedida en euros

Mugardos, o \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

Sinatura do/a alumno/a

**DECRETO**  
Número: 2026-0712    Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PME4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 27





**Anexo IV: Aceptación da participación como entidade colaboradora na xestión das axudas**

**A) DATOS DO ESTABLECEMENTO**

Nome (Denominación do Establecemento)	
Enderezo completo	
Teléfono	
NIF	Correo electrónico
Titular (Apelidos e nome, empresa)	

**B) DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DA CONTA BANCARIA**

BAMOS BANCARIOS													
IBAN	E	S											
	PAÍS	Nº Control	Entidade				Sucursal				Núm. Conta bancaria		

A persoa abaixo asinante declara, baixo a súa responsabilidade e para os efectos da percepción dos pagos, que a conta bancaria que a seguir se indica ten o mesmo titular que o establecemento.

**c) COMPROBACIÓN DOS DATOS DE IDENTIDADE**

Sinale cun X unha das opcións:

A persoa abaixo asinante dá o seu consentimento para a verificación telemática dos datos de identidade.

A persoa abaixo asinante NON dá o seu consentimento para a verificación telemática dos datos de identidade polo que achega copia do documento de identidade do titular do establecemento.

Mugardos, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
Sinatura da persoa titular do establecemento

**DECRETO**  
Número: 2026-0712    Data: 25/06/2026





**Anexo V:**

**AUTORIZACIÓN** para consultar e recabar electrónicamente de oficio polo persoal do Concello de Mugardos, os datos de empadramento, así como a súa inclusión no informe ou certificado de empadronamento colectivo, preciso para a tramitación do expediente correspondente.

A presente autorización outórgase para xestións exclusivamente municipais e durante o prazo de 6 meses dende a súa sinatura.

NOME E APELIDOS <i>(De todas as persoas que figuran na mesma folla padroal)</i>	NIF/NIE/ PASAPORTE	AUTORIZA	SIGNATURA DA PERSOA AUTORIZANTE. NO CASO DE SER <u>MENOR DE IDADE</u> , SIGNATURA DE <u>AMBOS PROXENITORES</u> .
		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	

**O presente documento débese acompañar da fotocopia do DNI dos/das autorizantes.**  
**En caso de que se atopen inscritos fillos/as menores será necesario achegar a documentación que xustifique a relación: libro de familia ou certificado de nacemento.**  
**En caso de separación ou divorcio: Cumprimentar o impreso que corresponda, segundo o caso:**

- **MODELO A CON** resolución xudicial que acredite que se obtenta a garda e custodia acompañada de declaración responsable. Se ésta é compartida, será necesaria a autorización do outro proxenitor acompañada da súa fotocopia do DNI. (En caso de imposibilidade de poder contar coa sinatura do outro proxenitor deberá acompañar declaración responsable).
- **MODELO B SIN** resolución xudicial sobre a garda e custodia.

**De non dispoñerse da autorización ou documentación anteriormente indicada, só poderá facerse constar no certificado ou recollerse no informe o número de persoas inscritas xunto co solicitante**

Mugardos, ..... de ..... de .....

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos; correo@mugardos.gal.

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.  
O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.  
**PRAZO DE CONSERVACIÓN:** Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O Concello de Mugardos non cederá os seus datos de carácter persoal.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

DECRETO  
Número: 2026-0712    Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PMEX4CY9XOHXMMK73X3QE  
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 25 a 27





**MODELO V-A: DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PROXENITOR/A PARA SOLICITAR  
CERTIFICADO/VOLANTE DE EMPADROAMENTO DE MENORES NON EMANCIPADOS**

**SIN RESOLUCIÓN XUDICIAL SOBRE A GARDA E CUSTODIA**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>DNI/NIE<sup>1</sup></b>
<b>Enderezo de empadramento</b>	

A efectos de obter certificado/volante de empadramento respecto dos meus fillos/as menores de idade, que a continuación se relacionan:

<b>Nome e apelidos</b>	<b>Fecha de nacemento</b>	<b>DNI/NIE<sup>2</sup></b>

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

- Que ambos os proxenitores ostentamos a garda e custodia do menor/os menores anteriormente citados
- Que non existe resolución xudicial que se pronuncie sobre a garda e custodia.
- Que concorre imposibilidade de poder contar coa sinatura do outro proxenitor e o/a menor/es están a convivir comigo.
- Que dispoño de capacidade legal suficiente para levar a cabo o trámite indicado.

Así mesmo, quedo decatado de que a inexactitude, falsidade ou omisión no contido desta declaración ou nos datos ou documentos que acompañan á mesma, poderá dar lugar ás responsabilidades civís ou administrativas que correspondan.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ de 20

Asinado:

1. En caso de non dispoñer de DNI/ NIE, farase constar algún dos documentos de acreditación da identidade a que se refire o art. 16.2 f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local  
2. Véxase Nota 1.

**DECRETO**  
Número: 2026-0712 Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PMEX4CY9XOHXWMMK73X3QE  
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 27





**MODELO V-B: DECLARACIÓN RESPONSABLE DE PROGENITOR/A PARA SOLICITAR  
CERTIFICADO/VOLANTE DE EMPADROAMENTO DE MENORES NON EMANCIPADOS**

**ACHEGANDO RESOLUCIÓN XUDICIAL SOBRE A GARDA E CUSTODIA**

<b>Nome e Apellidos</b>	<b>DNI/NIE<sup>1</sup></b>
<b>Enderezo de empadramento</b>	

A efectos de obter o certificado/volante de empadramento respecto dos meus fillos/as menores de idade, que a continuación se relacionan:

<b>Nome e Apellidos</b>	<b>Data de nacemento</b>	<b>DNI/NIE<sup>2</sup></b>

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que a resolución xudicial (*especificar tipo de resolución, data, xulgado e nº de procedemento*):

---



---

presentada está en vigor e non existe outra posterior que modifique os termos da mesma no relativo á garda e custodia.

Que dispoño de capacidade legal suficiente para levar a cabo o trámite indicado.

Que non me atopo incurso/a nos supostos de feito previstos nos artigos 103.1º c) <sup>3</sup>, ou 158.3º c) <sup>4</sup> do Código Civil.

Así mesmo, quedo decitado de que a inexactitude, falsidade ou omisión no contido desta declaración ou nos datos ou documentos que acompañan á mesma, poderá dar lugar ás responsabilidades civís ou administrativas que correspondan.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Asinado

1. En caso de non dispoñer de DNI/ NIE, farase constar algún dos documentos de acreditación da identidade a que se refire o art. 16.2 f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

2. Véxase Nota 1.

3. Art. 103.1º c) do Código Civil: "Admitida a demanda, o xuíz, a falta de acordo de ambos os cónxuxes aprobado xudicialmente, adoptará, con audiencia destes, as medidas seguintes:

1º...Cando exista risco de subtracción do menor por algún dos cónxuxes ou por terceiras persoas poderán adoptarse as medidas necesarias e, en particular, as seguintes:

c) Sometemento a autorización xudicial previa de calquera cambio de domicilio do menor"

4. Art. 158.3º c) do Código Civil: "O xuíz, de oficio ou a instancia do propio fillo, de calquera parente ou do Ministerio Fiscal, ditará:

3º As medidas necesarias para evitar a subtracción dos fillos menores por algún dos proxenitores ou por terceiras persoas e, en particular as seguintes:

c) Sometemento a autorización xudicial previa de calquera cambio de domicilio do menor.

**DECRETO**  
 Número: 2026-0712  
 Data: 25/06/2026

Cod. Validación: 7X7PME4CY9XOHXMMK73X3QE  
 Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 27

